

O PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE EN MÍNIMOS HISTORICOS EN VALDEORRAS

O aumento do alumnado con necesidades de educación especial nos centros de infantil e primaria no actual curso non supuxo un aumento do persoal.

O IES Lauro Olmo está a xestionar 700 alumnos cunha única administrativa dende setembro.

DOCENTES DE NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

No curso 18-19 perdéronse respecto o curso anterior no oriente ourensán **2 aulas de primaria e 4 docentes** que se sumaron o 20% de aulas e docentes que perdeu o oriente ourensán dende o 2009.

Nos anteriores cursos a administración educativa paliaba este déficit de profesorado mediante adxudicacións provisionais curso a curso, que aínda que non eran o ideal si que viñan a cubrir de maneira relativamente razoable as necesidades dos centros educativos tras as negociacións que anualmente as OOSS realizamos coa administración no ámbito provincial.

CCOO Ensino en Valdeorras denuncia a sobrecarga de traballo a que está sometido o profesorado de atención a diversidade (pedagogía terapéutica e audición e linguaxe) nos centros de infantil e primaria no Barco de Valdeorras tras o aumento exponencial do alumnado con necesidades educativas nos últimos anos nesta comarca e especialmente no curso vixente.

Os centros do noso municipio teñen no curso 18-19 **26 alumnas/os mais** que no curso 16-17 de diferentes países como Siria, Ucraña e Pakistán que requiren dunha atención a diversidade evidente o ter un descoñecemento total da linguaxe.

Neste período e tendo en conta este incremento do alumnado con NEE que para o vindeiro curso 19-20 serán **2 mais** (procedentes de Siria) a consellería de educación inexplicablemente NON dotou de ningún docente mais aos centros.

Unha situación da que xa advertiu CCOO Ensino o curso pasado e que incidiu de maneira especial no mes de setembro do 2018 nas negociacións coa xefatura territorial que se negou a cubrir as necesidades que dende os centros e os propios departamentos de orientación recomendaban.

CCOO Ensino en Valdeorras mostra o seu estupor o comprobar que ante unha situación de acollemento de refuxiados, cun número importante de persoas que chegan o noso municipio, do cual **o 60% son menores** e que precisan da colaboración de todas as administracións (concello e consellería de educación) para darlles a mellor

CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa

atención, non exista ningún tipo de coordinación entre as mesmas e a entidade que da cobertura aos refuxiados.

CCOO Ensino entende que é urxente a convocatoria do consello escolar municipal para tratar este tema de suma importancia para os centros do noso concello o estar en perigo piares básicos do noso sistema educativo como son unha educación en equidade e igualdade e reclamarlle a administración educativa que dote os centros co persoal necesario para garantir un ensino de calidade na nosa comarca, polo que dende esta organización sindical instamos a que o novo goberno municipal que saia dos comicios do día 26M convoque este consello no mais breve prazo posible.

PERSOAL NON DOCENTE

PERSOAL ADMINISTRATIVO

CCOO Ensino considera inaceptable que o IES Lauro Olmo leve dende setembro sen contar con unha das dúas administrativas das que sempre dispuxo. Dita administrativa compartía centro co CPI Tomás Terrón de Carballeda de Valdeorras cuxo equipo directivo está a asumir as tarefas administrativas.

Tras nove meses de mentiras por parte da xefatura territorial de educación en Ourense o IES Lauro Olmo vai afrontar o período de matriculación de preto de **700 alumnos cunha única administrativa**, un centro que dispón de ensinanzas obrigatorias (ESO e Bacharelato) e non obrigatorias (EOI, FP e adultos) coa dificultade que conleva a súa xestión a nivel administrativo.

CCOO Ensino denuncia a incapacidade da xefatura territorial da Consellería de educación para solucionar un problema que prometeu que se ía a solucionar nun breve prazo de tempo demostrando non ser un interlocutor válido para defender os dereitos das/os traballadoras/es do ensino ante unha administración autonómica cun único obxectivo, a centralización das ensinanzas en torno as capitais de provincia.

PERSOAL LABORAL

CCOO Ensino denuncia a perda dunha coidadora no CEIP Condasa de Fenosa no mes de maio para trasladar esa praza ao CPI Tomas Terrón de Sobradelo para cubrir unha necesidade nese centro.

CCOO Ensino considera fundamental que o persoal que traballa con alumnado de necesidades educativas especiais teña unha continuidade. Non debemos esquecer que as/os traballadoras/es do ensino non son cromos os que pasar dun centro a outro e que un cambio dunha coidadora neste punto do curso pode perxudicar ao alumnado co que traballan.



ensino

**federación de ensino
de ccoo de Galicia**

CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa

CCOO Ensino cre que a administración debería mostrar un maior respecto polo traballo do noso persoal e sensibilidade coas necesidades do noso alumnado entendendo que a solución óptima sería crear unha nova praza no CPI Tomás Terrón de Sobradelo.

O Barco de Valdeorras, Maio 2019

Para máis información:

Daniel Rodríguez
Responsable comunicación CCOO Ensino Ourense
Federación de Ensino de CCOO Galicia
Tel.628439444